Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS MUNICIPAIS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DE A ILLA DE AROUSA

Na Casa do Concello de A Illa de Arousa, sendo as doce horas do día dous de xuño de dous mil vinte e dous, reúnese a Mesa de Contratación convocada para a adxudicación do contrato de "XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS MUNICIPAIS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DE A ILLA DE AROUSA", por procedemento aberto, ca asistencia do Sr. Alcalde-Presidente da Corporación D. Carlos Iglesias Cores como Presidente e como Vocais os Concelleiros D. Alfonso Salgado Alonso, D. Luis Arosa García e Dna. Gabriele Freiin Von Hundelshausen, o Secretario-Interventor do Concello D. Daniel Angel Lamas Belloe a Arquitecta Municipal Dna. Pastora Parada Portas, actuando como Secretario o funcionario municipal D. Alfonso Pérez Santos.

O Sr. Presidente informa da xustificación desta mesa, que se concreta na Sentencia nº 00418/2020, de 17 de xullo de 2020, da Sala Contencioso-Administrativa nº 2 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada en recurso de apelación nº 4165-2018 interposto pola entidade Valoriza Servicios Medioambientales SA contra a Sentencia nº 26/2018, de 02 de febreiro de 2018, na que se estima parcialmente ou recurso interposto pola entidade FCC Fomento de Construcións e Contratas SA, anulando o acordo de adxudicación do contrato do Pleno de data 10 de novembro de 2016, obrigando ó Concello a adoptar novo acordo de adxudicación previa valoración das proposicións presentadas polas entidades participantes na licitación nos termos indicadas na mesma, corrixindo as puntuacións que foron outorgadas.

Así mesmo advirte que dado que se debe retrotraer o expediente ó momento no que a mesa de contratación realizou a proposta de adxudicación, resulta aplicable a normativa vixente naquela época, que se concreta fundamentalmente no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A continuación, a Mesa de Contratación realiza as comprobacións oportunas para verificar as puntuacións obtidas polos sobres B "Criterios non evaluables automaticamente e que dependen dun xuízo de valor", de acordo co informe de análise das ofertas presentadas realizada pola entidade INGENIOR, organismo técnico especializado encargado da valoración dos sobres B e ó que se adxudicou o servizo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2021.

Acto seguido comeza o acto público, asistindo representantes das entidades Cespa SA (actualmente Prazero SA), Valoriza servicios Medioambientales SA e FCC, así como os voceiros do grupo do PP D. Juan José González Vázquez, e do grupo do BNG D. David Mochales Vigo, en calidade de invitados ó acto.

Toma a palabra o Sr. Presidente para agradecer a todos a súa presencia, procedendo á lectura da cláusula décimo cuarta do pliego de cláusulas administrativas particulares, que sinala "Reunida de nuevo la Mesa de Contratación, se dará a conocer la ponderación asignada a los criterios dependientes de un juicio de valor. A continuación se procederá a la apertura de los sobres C".

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es


Así as cousas, a puntuación obtida na ponderación asignada ós criterios dependentes dun xuízo de valor segundo o informe do organismo técnico especializado son as seguintes:

- CESPA SA ........................................................ 61 puntos.
- VALORIZA ....................................................... 57 "
- SOIL RECOVERY ............................................ 54 "
- URBASER ......................................................... 57 "
- FCC ................................................................... 61 "

A continuación dáse conta do contido dos sobres C relativos á oferta económica e melloras.

A oferta económica de cada entidade participante é a seguinte, en euros anuais:

- CESPA SA: 124.814,45 euros e 12.481,45 euros en concepto de IVE.
- VALORIZA: 124.458,14 euros e 12.445,81 en concepto de IVE.
- SOIL RECOVERY: 125.100,00 euros e 12.510,00 euros en concepto de IVE.
- URBASER: 124.917,78 euros e 12.491,78 euros en concepto de IVE.
- FCC: 124.541,71 euros e 12.454,17 euros en concepto de IVE.

Seguidamente se procede a relacionar as melloras, valoradas economicamente.

As melloras son as seguintes, expresadas en euros/ano:

<u>CESPA SA</u>

1.- Adecuación de áreas de aportación:
a) Supresión de illas soterradas: 489,10 euros.
b) Xardineiras para delimitación e embelecemento de áreas de aportación ( 4 unidades): 337,23 euros.
c) Incremento de frecuencia de lavado de contenedores (10 xornadas/ano): 2.377,71 euros.
d) Actuacións de limpeza intensiva de entorno de contenedores 3 veces ó ano (9 xornadas/ano): 1.795,96 euros.
TOTAL ................................ 5.000,00 euros.

2.- Subministro e instalación de contenedores de calquera tipo:
a) Composteiros (35 unidades/ano): 2.730,00 euros.
b) Contenedores tipo formato verde modelo Dune para praias máis mantemento (12 unidades): 252,10 euros.
c) Sistema de aliñación de contenedores máis mantemento anual (300 unidades): 1.017,90 euros.
TOTAL ................................ 4.000,00 euros.

3.- Instalación de mobiliario urbano de calquera natureza:
a) Marquesiñas máis mupi (3 unidades): 1.950,92 euros.
b) Cartelería e sinalización punto limpo e de áreas de aportación máis mantemento (40 unidades máis punto limpo): 2.049,08 euros.
TOTAL ............................................... 4.000,00 euros.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

4.- Recollida e tratamento de residuos vexetais:
a) Trituradora de restos vexetais para fomento da compostaxe (1 unidade): 4.000,00 euros
TOTAL ........................................... 4.000,00 euros.

5.- Actuacións de educación ambiental adicional de calquera natureza:
a) Campañas de información e concienciación: 3.000,00 euros.
TOTAL ........................................... 3.000,00 euros.

TOTAL ANUAL ........................................................... 20.000,00 EUROS.

VALORIZA

1.- Adecuación de áreas de aportación:
a) Delimitación e pintado de puntos de contenerización: pintado da área (20 unidades): 74,59 euros.
b) Adecuación de puntos de soterramento (1 unidade): 3.733,93 euros.
c) Limpeza con auga do entorno dos contenedores (12 unidades): 1.174,47 euros.
TOTAL ........................................... 4.982,98 euros.

2.- Subministro e instalación de contenedores de calquera tipo:
a) Stock anual de contenedores de carga lateral 1.800 litros (1 unidade): 944,22 euros.
b) Stock anual de contenedores de carga lateral 3.200 litros (3 unidades): 3.055,78 euros.
TOTAL ........................................... 4.000,00 euros.

3.- Instalación de mobiliario urbano de calquera natureza:
a) Instalación de estruturas metálicas de suxeición de contenedores (90 unidades): 3.020,75 euros.
b) Reparación e reposición de paneis informativos (14 unidades): 186,47 euros.
c) Instalación de paneis informativos praias (10 unidades): 681,93 euros.
d) Instalación de talanqueiras de madeira para acopio de residuos vexetais: 109,75 euros.
TOTAL ........................................... 3.998,90 euros.

4.- Recollida e tratamento de residuos vexetais:
a) Construción de centro de concienciación ambiental: 3.999,22 euros.
TOTAL ........................................... 3.999,22 euros.

5.- Actuacións de educación ambiental adicional de calquera natureza:
a) realización de actuacións de educación ambiental e fomento da compostaxe. 3.000,00 euros.
TOTAL ........................................... 3.000,00 euros.

TOTAL ANUAL ........................................................... 19.981,11 EUROS.

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

SOIL RECOVERY

1.- Adecuación de áreas de aportación:

a) Adecuación e mellora das áreas de aportación actualmente soterradas: 604,16 euros.

b) Renovación e instalación de nova sinalización da ubicación dos contenedores dentro do punto limpo: 112,13 euros.

c) Instalación de centradores de contenedores para garantir a correcta ubicación dos contenedores instalados de acordo á proposta de contenerización: 2.047,08 euros.

d) Mellora e reforzo das principais áreas de aportación ca instalación de contenedores de reforzo: 2.168,68 euros.

TOTAL ........................................ 4.932,05 euros.

2.- Subministro e instalación de contenedores de calquera tipo:

a) Adquisición e instalación de 127 contenedores durante a duración do contrato.

TOTAL ........................................ 9.215,43 euros.

3.- Instalación de mobiliario urbano de calquera natureza:

a) Subministro e instalación de 80 papeleiras de reciclaxe como reforzo ás actualmente existentes nas praias do Concello en época estival durante a duración do contrato.

TOTAL ........................................ 1.535,33 euros.

4.- Recollida e tratamento de residuos vexetais:

a) Labores de apoio á recolección e trituración do toxo procedente da limpeza de zonas verdes.

TOTAL ........................................ 4.632,00 euros.

5.- Actuacións de educación ambiental adicional de calquera natureza:

a) Campaña de concienciación puntual de explicación do troco de sistema.

b) Campaña de concienciación ambiental permanente.

c) Plan de educación ambiental.

TOTAL ........................................ 2.893,12 euros.

TOTAL ANUAL ........................................................................ 23.207,93 EUROS.

URBASER

1.- Adecuación de áreas de aportación:

A) Subministro e instalación de sistemas de aliñación e centrado dos contenedores de carga lateral (25 unidades): 2.853,00 euros.

b) Subministro e instalación de sistemas de delimitación de ubicación de contenedores (8 unidades): 2.229,73 euros.

TOTAL ............................................ 5.082,81 euros.

2.- Subministro e instalación de contenedores de calquera tipo:

a) Subministro e instalación de 5 contenedores de carga lateral formato verde small bin.

TOTAL ............................................ 4.187,75 euros.

3.- Instalación de mobiliario urbano de calquera natureza:

a) Subministro e instalación de macetas, setos, solo, tec, nas zonas nas que se ubican actualmente os contenedores soterrados.
TOTAL ............................................ 4.023,75 euros.

4.- Recollida e tratamento de residuos vexetais:
a) Realización de 4 xornadas anuais de recollida e tratamento de residuos vexetais.
TOTAL ............................................ 4.216,51 euros.

5.- Actuacións de educación ambiental adicional de calquera natureza:
a) Campaña de concienciación social e motivación cara a reciclaxe e os bos hábitos da xestión de residuos.
TOTAL ............................................ 4.166,67 euros.

TOTAL ANUAL ............................................................ 21.677,49 EUROS.

FCC

1.- Adecuación de áreas de aportación:
a) Accións destinadas a mellorar a sinalización das áreas, mellora dos puntos de contenerización ou accións encamiñadas a mellorar a accesibilidade e visibilidade da área de aportación.
TOTAL ............................................ 5.000,00 euros.

2.- Subministro e instalación de contenedores de calquera tipo:
a) Subministro e instalación de contenedores, modelo a escoller polos Servizos Técnicos Municipais.
TOTAL ............................................ 4.000,00 euros.

3.- Instalación de mobiliario urbano de calquera natureza:
a) Subministro e instalación de mobiliario urbano (marquesiñas, bancos u outro mobiliario urbano de calquera natureza que se indique polos Servizos Técnicos Municipais).
TOTAL ............................................ 4.000,00 euros.

4.- Recollida e tratamento de residuos vexetais:
a) Equipo de trituración de restos vexetais para a redución do seu tamaño.
TOTAL ............................................ 4.000,00 euros.

5.- Actuacións de educación ambiental adicional de calquera natureza:
a) Campañas publicitarias de información.
b) Campañas de concienciación cidadá.
c) Campañas de información no punto limpo.
d) Estudos de satisfacción cidadá.
e) Aula medioambiental.
TOTAL ............................................ 3.000,00 euros.

TOTAL ANUAL ............................................................ 20.000,00 EUROS.

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

**A continuación o Sr. Presidente pregunta ós asistentes se teñen algo que engadir ou precisan de aclaración en relación cos datos facilitados.** O representante da entidade CESPA SA pregunta si se pode dar a coñecer a puntuación da oferta económica e melloras, respostando o Sr. Alcalde que tanto a acta como0 o informe de xuízo de valor vaise publicar no perfil do contratante, unha vez redactada a mesma.

Seguidamente os representantes das distintas entidades participantes na licitación así como os Voceiros do Grupo do PP e do BNG abandonan a sala.

Os membros da Mesa de Contratación proceden a valorar a oferta económica e as melloras ofertadas.

Así, a cláusula décima do pliego de cláusulas administrativas particulares, en sede de criterios de adxudicación, sinala literalmente:

*" "Los criterios para la valoración de las ofertas presentadas son los que se relacionan a continuación y con la ponderación que se concretará conforme al artículo 150 del TRLCSP. Tal y como se establece en la norma referida los criterios se agruparán en dos apartados:*

***A) Criterios evaluables automáticamente mediante la aplicación de fórmulas. Puntuación máxima a obtener en aplicación de estos criterios: 35 PUNTOS.***

***A.1.- Oferta económica. Hasta 10 puntos:***

*Se evalúa con un máximo de 10 puntos el capítulo correspondiente a las ofertas económicas presentadas, otorgando una puntuación creciente en virtud a las bajas ofertadas.*

*La puntuación de cada una de las ofertas económicas (Px) vendrá definida por la siguiente fórmula:*

$$P_x = P_{max} * \sqrt{\frac{O_{min}}{O_x}}$$

*Donde:*

- *Pmax: Puntuación máxima del criterio económico (10 puntos).*
- *Omin: Oferta económica mínima presentada.*
- *Ox: Oferta económica a valorar.*

*Las bajas se realizarán sobre el Presupuesto Base de Licitación.*

*La oferta económica se presentará acorde al modelo de proposición económica recogido en la Cláusula Novena de este Pliego, a incluir en el sobre "C".*

*Se considerará como desproporcionada o anormal, la baja de toda proposición cuyo porcentaje exceda en 10 unidades, por lo menos, a la media aritmética de los porcentajes de baja de todas las proposiciones presentadas, sin perjuicio de la facultad del órgano de contratación de apreciar, no obstante, previos los informes adecuados, y la audiencia del adjudicatario, como susceptible de normal cumplimiento las respectivas proposiciones.*

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

***A.2.- Mejoras económicas ofertadas, expresadas en euros/año de contrato, sin incluir IVA, que deberán ser objetivas, controlables y relacionadas con el objeto del contrato. Hasta 25 puntos.***

*Se admitirán como mejoras cantidades económicas que el licitador expresará en euros/año de contrato y que tras la oportuna valoración de los Servicios Municipales, el adjudicatario deberá destinar exclusivamente a realizar estas actuaciones y que tengan encaje en alguno de los epígrafes siguientes: la puntuación o baremación se realizará hasta los puntos establecidos para cada epígrafe, de forma proporcional a la oferta económica para cada uno, entendiendo como máxima la valoración establecida en la relación determinada en euros/año, sin incluir el IVA, que corresponda.*

*- Adecuación de áreas de aportación (señalización, mejora d epuntos de contenerización, etc...), hasta 5.000 euros/año: hasta 6 PUNTOS.*

*- Suministro e instalación de contenedores de cualquier tipo, hasta 4.000 euros/año: Hasta 5 PUNTOS.*

*- Instalación de mobiliario urbano de cualquier naturaleza, hasta 4.000 euros/año: Hasta 5 PUNTOS.*

*- Recogida y tratamiento de residuos vegetales, hasta 4.000 euros/año: Hasta 5 PUNTOS.*

*- Actuaciones de educación ambiental adicional de cualquier naturaleza, hasta 3.000 euros/año: Hasta 4 PUNTOS." "*

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade, dada a similitude das ofertas, expresara a puntuación con catro decimais sen redondeo.

O resultado é o seguinte:

Proposta económica

| | |
|---|---|
| - CESPA SA .............................................. | 9,9857 puntos. |
| - VALORIZA .............................................. | 10,0000 " |
| - SOIL RECOVERY .............................................. | 9,9743 " |
| - URBASER .............................................. | 9,9815 " |
| - FCC .............................................. | 9,9966 " |

Melloras ofertadas

| | |
|---|---|
| - CESPA SA .............................................. | 25,0000 puntos. |
| - VALORIZA .............................................. | 24,9681 " |
| - SOIL RECOVERY .............................................. | 21,6949 " |
| - URBASER .............................................. | 25,0000 " |
| - FCC .............................................. | 25,0000 " |

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es


Unha vez sumadas todas as puntuacións, o resultado final é o seguinte:

- CESPA SA: 61 + 9,9857 + 25,0000 = 95,9857 puntos.
- VALORIZA: 57 + 10,0000 + 24,9681 = 91,9681 puntos.
- SOIL RECOVERY: 54 + 9,9743 + 21,6949 – 85,6692 puntos.
- URBASER: 57 + 9,9815 + 25,0000 = 91,9815 puntos.
- FCC: 61 + 9,9966 + 25,0000 = 95,9966 puntos.

Deste modo a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á entidade FCC, co seguinte contido:

Proposta económica: 124.541,71 euros e 12.454,17 euros en concepto de IVE.

Melloras:

1.- Adecuación de áreas de aportación:
a) Accións destinadas a mellorar a sinalización das áreas, mellora dos puntos de contenerización ou accións encamiñadas a mellorar a accesibilidade e visibilidade da área de aportación.
TOTAL ............................................ 5.000,00 euros.

2.- Subministro e instalación de contenedores de calquera tipo:
a) Subministro e instalación de contenedores, modelo a escoller polos Servizos Técnicos Municipais.
TOTAL ............................................ 4.000,00 euros.

3.- Instalación de mobiliario urbano de calquera natureza:
a) Subministro e instalación de mobiliario urbano (marquesiñas, bancos u outro mobiliario urbano de calquera natureza que se indique polos Servizos Técnicos Municipais).
TOTAL ............................................ 4.000,00 euros.

4.- Recollida e tratamento de residuos vexetais:
a) Equipo de trituración de restos vexetais para a redución do seu tamaño.
TOTAL ............................................ 4.000,00 euros.

5.- Actuacións de educación ambiental adicional de calquera natureza:
a) Campañas publicitarias de información.
b) Campañas de concienciación cidadá.
c) Campañas de información no punto limpo.
d) Estudos de satisfacción cidadá.
e) Aula medioambiental.
TOTAL ............................................ 3.000,00 euros.

TOTAL ANUAL ....................................................... 20.000,00 EUROS.

O Presidente da por terminada a reunión, sendo as doce e cincuenta horas do día da data, e para constancia do tratado redacto a presente acta, da cal eu como Secretario da Mesa dou fe.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O PRESIDENTE DA MESA.

Asdo. Carlos Iglesias Cores

O SECRETARIO DA MESA

Asdo. Alfonso Pérez Santos

OS VOCAIS

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

Asdo. Pastora Parada Portas

Asdo. Alfonso Salgado Alonso

Asdo. Luis Arosa García

Asdo. Gabriele Freiin Von Hundelshausen